

## **ACLARACIÓNS PREVIAS AO INICIO DE CURSO POR PARTE DA DIRECCIÓN DO CENTRO A SUXESTIÓN DO CLAUSTRO**

De acordo co *“Protocolo de adaptación ao contexto covid 19”* publicado no portal da Consellería con data 22/07/2020, durante os meses de xullo e agosto este equipo directivo traballou na mellor organización do curso escolar.

Non obstante, debido ás *“Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”* publicadas no portal da Consellería con data 31/08/2020, deriváronse cambios importantes que afectaron notablemente ao traballo programado, o máis importante dos cales consistiu en garantir a distancia mínima de seguridade entre o alumnado nas aulas de 1,5 metros.

En consecuencia, o aforo dos espazos dedicados habitualmente a aulas viuse moi mermado, non permitindo ubicar a máis de 23 alumnos/as nas aulas máis grandes do edificio vello, e non a máis de 21/22 alumnos/as nas aulas do edificio novo. As instrucións dadas pola administración recollían que, polo tanto, se habilitaran excepcionalmente como aulas todos os espazos grandes do centro (sempre garantindo as condicións de habitabilidade mínima). Seguindo esas instrucións convertéronse en aulas a biblioteca, o salón de actos, a aula de artes plásticas e a aula de tecnoloxía (reconvertida nun aula multifuncional con 30 equipos informáticos para a impartición das clases TIC). Do mesmo xeito, acometemos obras nas aulas da zona vella que nos permitiron garantir un aforo máximo de 24 alumnos/as.

Paralelamente a isto seguíronse os prazos de admisión e de matrícula segundo a *“ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación”*, procurando, no espírito da lei, satisfacer todas as solicitudes de admisión segundo as vacantes ofertadas. Neste sentido, o esforzo do centro foi, como todos os anos, enorme, mesmo chegando á *ratio* máxima para os dous niveis de bacharelato e nalgún nivel da ESO.

A pesares de incorporar aqueles espazos grandes ao grupo de aulas, esta *ratio* máxima de alumnado xa matriculado ou con dereito a ser matriculado, sumada á perda de aforo das aulas, facía imposible, a principios de setembro, a organización do curso. Hai que dicir que desde a última semana de Agosto o equipo directivo deste centro traballou na organización do curso todos os días de 9 a 21 horas, mesmo fins de semana, e que contou coa colaboración de moito profesorado que voluntariamente, desinteresadamente e con verdadeira vocación profesional e humana axudou moitos días para poder organizar en moi pouco tempo o curso que vai comezar (movendo mobiliario, traballando na sinalética, etc.), e, en xeral, todo o profesorado colaborou na toma de decisións e nas suxestións pedidas a través das canles habilitadas para iso; polo tanto, non hai que deixar pasar a oportunidade de recoñecer e agradecer o compromiso e o traballo honesto deste profesorado co seu centro, vivido como una segunda casa, e coa educación. Moito profesorado volcóuse voluntariamente na preparación e adaptación do centro, e en ningún caso se negou á axuda pedida. Neste contexto, a solución máis lóxica pasaba polo desdoblamento de grupos. Esta medida foi admitida pola Administración sen tempo suficiente para poder organizar o curso, razón pola cal a Consellería decidiu adiar o comezo da actividade lectiva presencial unha semana, do 16 ao 23 de setembro de 2020. Este adiamento en ningún caso debe imputarse á falta de traballo, á falta de previsión nin de organización do equipo docente nin da dirección do centro.

Nas instrucións dadas xa avanzado setembro, permitíase aos centro o modelo semipresencial para o bacharelato. A optimización dos recursos feita polo centro, cun traballo difícil de encaixe de horas lectivas e de espazos, permitía, nese momento, garantir a presencialidade para a ESO (obrigatoria), para a ESA e para 2º Bacharelato. Finalmente, a adxudicación definitiva dun profesor extra na tarde do xoves pasado permitiu garantir a presencialidade en horario de mañá para todos os niveis e etapas que se imparten no centro, sen desatender a atención á diversidade, pero con moi pouco tempo para montar os novos horarios e a confección de grupos pese a traballar a reo durante esta última semana. E con moito por axustar.

Finalmente, tal e como se recolle no *“Protocolo de adaptación ao contexto covid 19”* o centro publicará en breve nesta páxina web o seu *“Plan de adaptación á situación covid 19 no curso 2020-2021”*, e as familias recibiredes una breve escolma dos aspectos máis importantes a ter en conta.

Atte., o director  
Miguel Antón Rguez. Leborán